



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### ANUNCIO

**ASUNTO: APROL - APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A RESPONSABLE DO SERVIZO DE PLANIFICACION PREVENTIVA E VALORIZACIÓN DO MONTE AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) ANO 2024.**

**EXPEDIENTE:** 2024/E001/000005

**DATA DE PUBLICACIÓN NO TAOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 23 DE MAIO DE 2024.**

De conformidade co disposto na Base 5ª da Convocatoria para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a responsable do servizo de “Planificación preventiva e valorización forestal” ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural 2024), faise público o Decreto da Alcaldía de data 23 de maio de 2024, decreto que a continuación se transcribe:

#### “DECRETO DA ALCALDÍA

**Asunto: APROL - APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A RESPONSABLE DO SERVIZO DE PLANIFICACION PREVENTIVA E VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2024).**

**EXPEDIENTE:** 2024/E001/000005

Considerando que ten finalizado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no procedemento para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a responsable do servizo de planificación preventiva e valorización forestal ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G), (DOG núm. 17, do 24/01/2024), cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por decreto da Alcaldía de data 14 de maio de 2024 e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas en data 14/05/2024.

Considerando que todos os aspirantes que teñen presentado a solicitude cumpren coas condicións establecidas na base 3ª que rexe a convocatoria é polo que en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

**ACORDO:**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a responsable do servizo de planificación preventiva e valorización forestal:

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	PASANTES CAMPAÑA, MATEO	***8870**
2	MAIGLER GARCÍA, ALBERTO	***8997**

Excluídos definitivamente:

-----

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

**Segundo.-** Que o Tribunal cualificador se reúna para a súa constitución e para a valoración de méritos alegados (fase de concurso) o **día 27 de maio de 2024, ás 11:00 horas**, na Casa do Concello de Camariñas.

**Cuarto:** Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

**Quinto:** Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria acctal., que asino aos únicos efectos de fe pública”.

**Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial.**